



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 15 DE SETEMBRO DO 2016.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a Fabiola García Martínez D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario en funcións D. José Martínez de Llano Orosa Membros que non asisten: -----
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día quince de setembro do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 13/09/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido e que responde ao seguinte resumo:





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Número de relación	2016 - 000031
Importe total	228.236,82 €
Número de facturas	66
1ª factura.	
Emisor (Cif)	16076495R
Importe	4.840,00 €
Última factura	
Emisor (Cif)	Q6550023C
Importe	105,79 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	14/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 48 caixas de papel DIN-A4 (1 palet) para as dependencias de Servizos Sociais		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.			
NIF/CIF:	J15626245			
Importe (IVE incluído):	679,54 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	14/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Administración, Transparencia, Atención e Participación Cidadá Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 48 caixas de papel DIN-A4 (40 caixas para a Casa do Concello e 8 caixas para a Lonxa)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.			
NIF/CIF:	J15626245			
Importe (IVE incluído):	679,54 €			
Observacións:				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta		3	Data	07/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Contratación con ETT profesor de piano, teoría da música, transposición e acompañamento de setembro a decembro 2016 para o Conservatorio Municipal de Música de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS, ETT, S.A.	
Informe:	Director do Conservatorio Municipal- Álvaro López González (06/09/2016)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		ADER RECURSOS HUMANOS, ETT, S.A.		
NIF/CIF:		A15469406		
Importe (IVE incluído):		6.185,52 €		
Observacións:		Debido á renuncia presentada polo profesor piano, teoría da música, transposición e acompañamento do Conservatorio Municipal, Sergio Lorenzo Area, é necesario contratar a un/ha profesor/a para impartir a citada especialidade.		

Nº Proposta		4	Data	13/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación do camión Uro C6628BY de Protección Civil		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ÁLVAREZ RIVEIRA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ÁLVAREZ RIVEIRA, S.L.			
NIF/CIF:	B15442494			
Importe (IVE incluído):	1.073,88 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	13/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Administrador da Lonxa Municipal José M. Orellán		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de papel térmico para etiquetaxe dos produtos pesqueiros		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GALLEGA DEL ETIQUETADO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	GALLEGA DEL ETIQUETADO, S.L.			
NIF/CIF:	B36756005			
Importe (IVE incluído):	1.559,45 €			
Observacións:				

Nº Proposta	6	Data	09/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Directora Obradoiro de Emprego Tahume III Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 24 chapas mariñas para correcta sinalización do Obradoiro de Emprego Tahume III		
Nº orzamentos	3	Provedores	- COMERCIAL MALLO AREA, S.L.






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


aportados				- PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. - MADERAS CAYPE, S.L.U.
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		COMERCIAL MALLO AREA, S.L.		
NIF/CIF:		B15243918		
Importe (IVE incluído):		1.203,93 €		
Observacións:				

Nº Proposta		7	Data	09/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora Obradoiro de Emprego Tahume III Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de vinilos identificativos do Obradoiro de Emprego Tahume III		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - DOSTEX, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:		52930719Z		
Importe (IVE incluído):		1.045,80 €		
Observacións:				

Nº Proposta		8	Data	09/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora Obradoiro de Emprego Tahume III Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de material didáctico e de oficina o Obradoiro de Emprego Tahume III		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - PAPERSTORE, S.L. - DOSTEX, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:		J15626245		
Importe (IVE incluído):		697,12 €		
Observacións:				

Nº Proposta		9	Data	09/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora Obradoiro de Emprego Tahume III Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Aluguer de vehículo para o transporte do alumnado do Obradoiro de Emprego Tahume III, do 26/09/2016 ao 27/02/2017		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- AUTOS BREA, S.L. - NORTHGATE RENTING FLEXIBLE - ALQUILER VEHÍCULOS AS PONTES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		AUTOS BREA, S.L.		
NIF/CIF:		B15015985		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Importe (IVE incluído):	3.726,80 €
Observacións:	

Nº Proposta		10	Data	12/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de perfíles, pletinas e balaustres para acondicionamento e delimitación do paso entre a Praza da Porta do Sol e o atrio da Igrexa de Riveira		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- DIGAR DE ARTES, S.L. - FERROS DO BARBANZA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DIGAR DE ARTES, S.L.			
NIF/CIF:	B15515695			
Importe (IVE incluído):	2.465,45 €			
Observacións:				

Nº Proposta		11	Data	12/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais de electricidade para fabricación e colocación de mampara divisoria insonora no despacho da Alcaldía		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANTONIO PAZOS, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	ANTONIO PAZOS, S.A.			
NIF/CIF:	A15066913			
Importe (IVE incluído):	100,82 €			
Observacións:				

Nº Proposta		12	Data	12/09/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais de carpintería para fabricación e colocación de mampara divisoria insonora no despacho da Alcaldía		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L. - COMERCIAL MALLO AREA, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15972649			
Importe (IVE incluído):	2.298,54 €			
Observacións:				





CONVENIOS DE COLABORACIÓN

1.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES E O CONCELLO DE RIVEIRA

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 29/08/2016, na que solicita a aprobación dun **"Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Museo Etnográfico de Artes"**, co obxectivo de revalorizar dun xeito eficaz o patrimonio que ten en custodia, aplicando unha serie de medidas que fagan del un centro competente e competitivo no marco da variada oferta que pon a disposición do público desta cidade, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar ao **"Museo Etnográfico de Artes"** a cantidade de 12.000,00 € en concepto de subvención.

Vista a documentación que consta no expediente.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do **"Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e o Museo Etnográfico de Artes"**, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar ao **"Museo Etnográfico de Artes"** a cantidade de 12.000,00 € en concepto de subvención.


2.- APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA.

Vista a proposta da **Concelleira Delegada de Cultura, Fabiola García Martínez**, de data 29/08/2016, na que solicita a aprobación dun **"Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna"**, co obxectivo de garantir e preservar a expresión de cultura tradicional e de transmisión dos valores que impregnan este tipo de manifestación populares a nenos/as e mozos/as, apoiando economicamente a organización de actividades que forman parte do programa de celebración da LXVIII singradura, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á **"Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna"** a cantidade de 27.000,00 € en concepto de subvención.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do **"Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna"**, e comprometéndose o Concello de Riveira a abonar á **"Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna"** a cantidade de 27.000,00 € en concepto de subvención.





III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.


Visto o escrito presentado por **Ramón Guillermo Cerecedo Rego**, de data 15/06/2016 (Rexistro de entrada nº 7.600), no que solicita reposición de acceso a unha propiedade particular a través dunha pasarela que circunda a Rúa Torres Queiruga, Aguiño.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 08/09/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

a) Informar ao solicitante como segue:

En relación coa solicitude formulada polo interesado e relativa ao asunto que figura no presente encabezamento, e una vez realizadas as pertinentes comprobacións no lugar dos feitos, cabe informar o seguinte:





1.- A pasarela pública, de recente construción, que interrompe o paso a nivel desde a vía pública e a propiedade do interesado (emprazada na Praia da catía de Aguiño), así como a propiedade afectada, atópanse dentro da zona de Dominio Público, tal e como se puido comprobar na lectura no plano 3.2 do deslinde M.T. da paria de Aguiño. Acompañamos fotos realizadas recentemente sobre a zona da pasarela sobre a que se pretende realizar a actuación.

2.- É, polo tanto, competencia do servizo de Demarcación de Costas en Galicia e dependente da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente), autorizar este tipo de intervencións, polo que o interesado deberá de dirixirse a este organismo a fin de obter a preceptiva autorización administrativa ao respecto.

- b) Remitir á Demarcación de Costas en Galicia copia da solicitude e copia do informe emitido polo Arquitecto Municipal, para que estudie a posible retirada da rampla segundo a solicitude do interesado, Sr. Ramón Cerecedo, aos efectos oportunos.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Visto o expediente que se tramita a instancia de **José Antonio García Sampedro e Ángela Sampedro Ayaso**, mediante escritos de datas 03/05/2016, 09/06/2016 e 17/06/2016 (Rexistros de entrada nº 5.121, 7.312 e 7.886), nos que solicita licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar de vivenda unifamiliar de semisoto e planta baixa, construída ó amparo da licenza nº 191/14, sita no lugar de Deán, Riveira, con refª catastral nº 15074A006008940001LD.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 08/06/2016, no informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 23/08/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral de Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/08/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a José Antonio García Sampedro e Ángela Sampedro Ayaso **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de semisoto e planta baixa sita en parcela con refª catastral nº 15074A006008940001LD no lugar de Deán Grande nº 107-C, Riveira, construída ao amparo da licenza de obra nº 191/14, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 28 de agosto de 2014, modificada asimesmo pola Xunta de Goberno Local en sesión na data 1 de outubro de 2015, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 19.4.16 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da





Edificación, asinados polo Arquitecto José Antonio Gómez Dominguez, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Informe da empresa VIAQUA S.A.U. en relación á correcta execución de acometida de auga e acometida de saneamento así como Xustificante do Catastro de Alta no IBI.**

Segundo.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Terceiro.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON JOSÉ ANTONIO CRUJEIRAS SAMPEDRO POR DANOS PRODUCIDOS POR UNHA INUNDACIÓN NOS GARAXES DAS VIVENDAS Nº 82, 84, 86 E 88 DA RÚA CASTELAO. Expediente nº: RP 16/2015.

Visto o expediente seguido neste Concello a instancia de **don José Antonio Crujeiras Sampedro**, co obxecto de determinar a responsabilidade patrimonial desta entidade local, como consecuencia dos danos sufridos polo reclamante por mor do funcionamento dos servizos públicos locais e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Na data 11/05/2015 (Rex. Entrada nº 4.751), don José Antonio Crujeiras Sampedro presenta escrito polo que interpón reclamación de





responsabilidade patrimonial polos danos sufridos o día 15/01/2015 nos garaxes das vivendas acaroadas, sitas na rúa Castelaos números 82, 84, 86 e 88.

Segundo.- Por Decreto de Alcaldía de data 07/10/2015, resolvese admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Riveira. Así mesmo, comunícase ao interesado que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 139 da LRXPAC e 6.1 do Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado por Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, xa que non acredita a titularidade dos inmobles que resultaron danados nin especifica a relación de causalidade entre os danos producidos e o funcionamento dos servizos públicos municipais, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 07/10/2015, foi practicada ao reclamante na data 11/11/2015.

Cuarto.- Non consta no expediente que por parte do reclamante se procedera á emenda da falta dos referidos requisitos.


FUNDAMENTOS DE DEREITO


Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.- Na tramitación do expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, de 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial.

Terceiro.- O artigo 71 da Lei 30/1992 dispón que: *“Si a solicitude de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior e os esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42”.*

Cuarto.- No caso que nos ocupa, o requirimento de subsanación da solicitude foi realizado e notificado ao interesado, coa indicación esixida no artigo 71 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para subsanar, se producisen as emendas requiridas.





Quinto.- O artigo 42 da Lei 30/1992, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/09/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Ter por desistido da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a don José Antonio Crujeiras Sampedro, formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/05/2015, co número 4.751, e declarar concluído o devandito procedemento, ao non producirse a subsanación da súa solicitude no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 07/10/2015, notificado na data 11/11/2015. Todo elo, de conformidade cos artigos 42.1, 71.1 e 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións pública e do procedemento administrativo común e co artigo 6.1 do Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado por Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo.


2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA LAURA ENRÍQUEZ BARCIA POR DANOS EN VEHÍCULO OCASIONADOS POLO DESPRENDEMENTO DE PRANCHAS DE FIBROCEMENTO DO TELLADO DO EDIFICIO DONDE SE EMPRAZA A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA (UAD). Expediente nº: 4/2015 RP.


Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **dona Laura Enríquez Barcia**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 13 de novembro de 2014, o vehículo Opel Corsa, con placas de matrícula 7099 GHZ, propiedade de dona Laura Enríquez Barcia, estaba estacionado no aparcadoiro anexo ao edificio sito no número 124 da Avenida da Coruña, no que se empraza a Unidade Asistencial de Drogodependencia (UAD) do Concello de Riveira, cando se produciu o desprendemento de varias pranchas de fibrocemento do tellado, o que ocasionou danos no referido vehículo.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 30/01/2015 co número 1.079, dona Laura Enríquez Barcia, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 2.275 €, mais os xuros legais que lle puideran corresponder.





Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple do permiso de circulación do vehículo; copia simple da tarxeta de inspección técnica do vehículo; copia simple do informe emitido pola Policía Local do Concello de Riveira por mor do accidente; copia do informe pericial elaborado por "*Peritajes Carames, S.L.*"; copia simple da factura de reparación do automóbil; e copia dunha nota de prensa.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el certificado emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico, rexistrado de entrada na data 01/04/2015 co número 3.446; informe remitido na data 24/04/2015 pola Policía Local; e informe emitido na data 28/10/2015 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta que se presentase ningunha reclamación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-


Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, de 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial.


Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable





economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-


En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, e **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, a titularidade do vehículo, matrícula 7099-GHZ, o día 13 de novembro de 2014, correspondía a Laura Enríquez Barcia, actual titular**, polo que ten lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

Resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido, como se desprende do informe policial realizado, que dispón que o desprendemento de pranchas de fibrocemento causou danos en varios vehículos que se atopaban perfectamente estacionados no estacionamento da UAD, entre os que se atopa o Opel con matrícula 7099-GHZ, e da factura de reparación do mesmo.

Sen embargo, a pesares da concorrencia destes requisitos, non procede a estimación da reclamación por esta Administración xa que **a lexitimación pasiva non corresponde ao Concello de Riveira**, senón á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xa que o edificio en cuestión está adscrito a esta Consellería. Así o pon de manifesto a enxeñeira municipal que, en informe emitido na data 28/10/2015, dispón que: *"De conformidad con el Inventario de Bienes del Ayuntamiento de Riveira, el edificio en el que se ubica la UAD, que se corresponde con el edificio nº 124 de la Avenida de la Coruña, no es propiedad del Ayuntamiento de Riveira, ya que no está incluido en el mismo. Según la documentación obrante en los archivos de esta Administración, el Ayuntamiento solamente ostenta el derecho*





de uso de la planta baja del inmueble, estando el mismo adscrito a la Consellería de Cultura, Educación y Ordenación Universitaria de la Xunta de Galicia"

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/09/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Laura Enríquez Barcia, por falta de lexitimación pasiva do Concello de Riveira.

XII.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **CC. PP. Edificio Lepanto**, de data 05/09/2016 (Rexistro de entrada nº 11.307), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito en Rúa Lepanto, 1 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 07/09/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **CC. PP. Edificio Lepanto** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (2,50 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoible sito en Rúa Lepanto, 1 (Riveira).


- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*


2.- Visto o escrito presentado por **José A. Pena Armental**, de data 05/09/2016 (Rexistro de entrada nº 11.308), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito en Rúa Lepanto, 1 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 07/09/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **José A. Pena Armental** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (4,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoible sito en Rúa Lepanto, 1 (Riveira).

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do*





bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso
deberán ser a costa do solicitante.

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por Rubén Rodríguez Valeiras en representación da **Com. Prop. Edif. Norte (Palmeira)**, de data 07/09/2016, no que solicita a instalación dun espello vial para o cruce da Rúa Barreiro coa Rúa Pedriña (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 08/09/2016, por unanimidade dos presentes, acorda:

Autorizar a instalación do espello vial solicitado nun lugar axeitado da beirarrúa de enfrente, según o sinalado no citado informe policial.

Asímesmo, dado que a Rúa Pedriña é unha rúa sen saída pola que transitan única e exclusivamente os usuarios da dita comunidade e ao ser unha colectividade determinada de usuarios non afectando ao interese xeral, deberá ser a propia comunidade de propietarios a que deba facer fronte ao gasto ocasionado pola adquisición do espello vial solicitado, sendo o propio concello o encargado da súa instalación.


2.- Visto o escrito presentado por Valentín Muñiz Pérez en representación da **Com. Prop. Garaxe Cristóbal Colón**, de data 25/08/2016, no que solicita “*que reordenen el tráfico para evitar el incorrecto estacionamiento, ya sea con pintada de plazaos ordenadas o de la manera que crean oportunas*” nas inmediacións do garaxe de Cristóbal Colón.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 08/09/2016, por unanimidade dos presentes, acorda:

Informar ao solicitante que, según o sinalado no citado informe policial, para pintar as marcas viais que permitan ter libre o portal do garaxe situado na Rúa Irmandiños, requírese contar coa coa correspondente licenza municipal de vao permanente, polo que se lle insta para que proceda á súa solicitude.

4.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada da solicitude presentada por **Mª Isabel González Santiago** mediante escrito de data 07/09/2016 (Rexistro de entrada nº 11.454), ao terse solventado o problema plantexado.





5.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de data 01/09/2016 (Rexistrado de entrada en data 05/09/2016 co nº 11.288), no que comunica a remisión do expediente administrativo requirido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, relativo ao P.O. 4359/2016, para que poida comparecer e persoarse nos autos ante aquel órgano xudicial.

6.- Resolución en relación á sentenza 430/2016 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 no Procedemento Abreviado 130/2016.

Visto o asunto de referencia e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Na data 06/09/2016, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, dita a sentenza 430/2016 no procedemento abreviado 130/2016 interposto por Don Saúl Díaz Sanz e a entidade aseguradora "Reale Seguros Generales, S.A.", contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada polos danos ocasionados no vehículo con matrícula 9968 GCG polo defectuoso estado da beirarrúa (Expte 14/2015 RP).

A referida sentenza estima o recurso na súa totalidade, anula e deixa sen efecto a resolución recorrida, e declara a responsabilidade patrimonial da administración demandada, asegurada por Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, condenando ao Concello a aboar a Don Saúl Díaz Sanz a cantidade de 300 euros e a Reale Seguros Generales S.A. a cantidade de 195,54 euros, xunto cos xuros legais dende a data da presentación da reclamación de responsabilidade patrimonial en vía administrativa.


Así mesmo, impóñense as costas á administración demandada cunha limitación de 300 euros.

Segundo.- Mediante oficio rexistrado de entrada na data 08/09/2016, o Xulgado remite a sentenza mencionada que ten carácter de firme para que no prazo de 10 días se leve a efecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, nos seus apartados 1º e 2º, dispón o seguinte: "1. A potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais deste orde xurisdiccional, e o seu exercicio compete ao que coñecera do asunto en primeira ou única instancia. 2. As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignen."





Polo exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 09/09/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda**:

Que se proceda ao cumprimento da citada sentenza co abono das cantidades referidas. Neste sentido, e de conformidade co contrato de seguro subscrito entre o Concello e a entidade aseguradora Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, corresponde ao Concello o abono de 150 €, que é a franquicia subscrita coa aseguradora, mentres que o resto da contía corresponde a Mapfre.

7.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Promoción e Dinamización Económica, Fabiola García Martínez**, de data 13/09/2016, en relación á Orde do 5 de agosto de 2016 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016. (DOG nº 158, do 23 de agosto de 2016).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local.


Segundo.- Aprobar o proxecto para o cal se solicita a subvención denominado "Oficina de desenvolvemento Local do Concello de Riveira".

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario en funcións, dou fe e certifico.


Riveira, 15 de setembro de 2016

Dou fe, o secretario en funcións

O Alcalde



Manuel Ruiz Rivas



José Martínez de Llano Orosa

